



CONCELLO DE TUI



BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BECAS A DEPORTISTAS TUDENSES 2018

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA. FINALIDADE

O obxecto da presente convocatoria o constitúe a concesión de becas a deportistas tudenses do Concello de Tui, co fin de facilitarlles a práctica deportiva e a súa participación nas súas competicións, acadando así valorar a súa especial dedicación ao deporte e á súa vez á difusión que realizan da Cidade de Tui en aqueles eventos deportivos de carácter internacional.

O procedemento de concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrencia e igualdade.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade, que deberán ser comunicadas ao Concello de Tui.

As becas consistirán nunha cantidade en metálico.

A dotación máxima por deportista será a establecida no cadro de baremación de concesión de becas deportivas. A contía máxima destinada a esta convocatoria é de **DEZ MIL EUROS (10.000€)**, con cargo aos presupostos do Concello de Tui, para o exercicio 2.018 na súa aplicación presupostaria 2018/1/341.481.03.01.

SEGUNDA.- REQUISITOS XERAIS

Para poder ser incluído/a no Plan de Becas Deportivas para Deportistas Individuais, os/as deportistas que, cumprindo ó prescrito no artigo 13 da Lei 38/2003, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, reúnan ademais os seguintes requisitos:

2.1.- Ter nacionalidade española.

2.2.- Estar empadroado no Concello de Tui a data de aprobación destas bases e telo estado con anterioridade polo menos de dous anos consecutivos.

2.3.- Estar en posesión da correspondente licenza federativa, na data de solicitude da presente convocatoria.

2.4.- Ter participado en calquera competición de carácter oficial con recoñecido prestixio a nivel internacional das recollidas na táboa anexo de baremación.

2.5.- Non ter obtido outra axuda ou bolsa deportiva concedida polo Concello de Tui durante o ano 2.018.

2.6.- Non ser beneficiario de Bolsa ADO no ano 2018.

2.7.- Será indispensable, para optar á concesión da bolsa, ter xustificado a concedida, se é o caso, o ano anterior.



CONCELLO DE TUI



2.8.- Non estar incurso en causa de exclusión ou prohibición do artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

2.9.- No caso de ser beneficiario doutra subvención, correspondente ó exercicio económico de 2018, e para a mesma actividade, o importe total dos ingresos obtidos non poderá exceder do total dos gastos desa actividade

2.10.- Encontrarse ó corrente das obrigas tributarias e seguridade social co Concello e con calquera outra administración.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES E NON SUBVENCIONABLES

3.1. Se considerarán gastos subvencionables os realizados e efectivamente pagados entre xaneiro do ano 2018 e o momento da xustificación da beca, sempre que respondan á natureza e obxecto da actividade subvencionada. Entre eles:

- Gastos de viaxes e dietas (desprazamentos, aloxamento e manutención) cando tendo relación directa co obxecto da subvención, deriven da participación en partidos e/ou competicións oficiais debidamente acreditados pola federación correspondente. Deberá presentarse un calendario de probas ou competicións deportivas, xustificantes de inscrición e folia de resultados ou clasificación. A non presentación destes elementos conlevará a non consideración destes gastos.

Terase en conta o seguinte:

- Os gastos de desprazamento, xustificaranse cos billetes de viaxe de calquera medio de transporte público utilizado en clase turista.

- Os gastos de aloxamento, xustificaranse coa factura do hotel, pensión, etc, cun máximo de 65€/día.

- Nos gastos de manutención considerarase xustificable as facturas por tal concepto, cun máximo de 35€/día (almorzo, comida e cena)

No caso de tratarse dun menor de idade, considerarase subvencionable os gastos ocasionados por estes conceptos, do deportista menor e dun adulto, co límite dos importes anteriores.

- Os gastos de publicidade e información nos medios de comunicación ata un máximo de 300€.

- Os gastos de adquisición de roupa deportiva necesaria, sempre que na mesma figure o logotipo do concello de Tui, que deberá acreditarse a través dun medio gráfico.

- Gastos derivados da adquisición de equipamento técnico deportivo para o adestramento e a competición. Este material non poderá ser inventariable.

- Revisións médicas, probas de esforzo, e outros que poidan ser recoñecidos como indispensables para a consecución dos obxectivos deportivos previstos.



CONCELLO DE TUI



3.2. Non serán obxecto de subvención quedando excluídos:

- Os gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.
- Os gastos derivados da adquisición, reparación ou mantemento de bens inmoables; consumo eléctrico, telefónico e similares.
- Os gastos derivados das retencións do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF), así coma os tributos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Os gastos de investimento.
- Os gastos derivados de produtos farmacéuticos e protésicos.
- Cursos dirixidos á obtención de títulos académicos ou deportivos.

CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

Os fins indicados no anterior apartado efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista no seguintes preceptos:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Artigo 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local.
- Artigo 40.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos persoais e á lexislación vixente ao respecto.
- Bases xerais tipo reguladoras da concesión de subvencións do concello de Tui e dos seus organismos autónomos.
- Regulamento da actividade de Fomento do Concello de Tui e dos seus organismos autónomos.



CONCELLO DE TUI



QUINTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

- 5.1.- Aceptar a subvención, en caso contrario, deberán renunciar expresa e de forma motivada á mesma, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a data de publicación da resolución de concesión da bolsa no taboleiro de anuncios do Concello.
- 5.2.- Realizar o proxecto, ou cumprir co fin ou propósito que fundamenta a concesión da subvención.
- 5.3.- Levar a cabo a actividade obxecto da bolsa segundo as condicións establecidas.
- 5.4.- Xustificar documentalmente, e na forma e prazos previstos nestas Bases, o cumprimento da finalidade que motivou a concesión da beca e, no seu caso, a aplicación dos fondos recibidos.
- 5.5.- Acreditar no momento da solicitude no concello, que se encontra ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, mediante certificación expedida polos citados organismos ou coa presentación da solicitude das citadas certificacións. Esta certificación deberá estar en vigor no momento de efectuar o pago da subvención. Tamén será válida a presentación de declaracións responsables do interesado nos supostos permitidos legalmente.
- 5.6.- Someterse a cantas actuacións de comprobación e control se consideren necesarias por parte do Concello de Tui, achegando toda a información que lle sexa requirida no exercicio das devanditas actuacións.
- 5.7.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións e control.
- 5.8.- Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos polo artigo 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- 5.9.- Cumprir coa Lei Antidopaxe vixente (se o Concello o considera pertinente, o beneficiario virá obrigado a acreditar o cumprimento mediante informe/certificado médico).
- 5.10.- Comprometerse a obrar e cumprir, en todo momento, con regras e valores do "Xogo Limpo", publicados polo Consello Superior de Deportes.
- 5.11.- Levar a imaxe de Tui, ou calquera outra imaxe institucional do Concello de Tui que o concello determine, tanto na súa indumentaria coma nalgún outro elemento susceptible de imaxe, así como dar publicidade da recepción desta beca, a través dos canles de comunicación do propio deportista. O cumprimento deste punto deberá contrastarse con documentación fotográfica.
- 5.12.- Colaborar coa Concellaría de Deportes naqueles programas deportivos para que sexan requiridos para os efectos de promoción e extensión deportiva.
- 5.13.- Participar en eventos deportivos con fins benéficos e/ou promocións organizadas e/ou participadas pola Concellaría de Deportes.



CONCELLO DE TUI



5.14.- Achegar informe do desenvolvemento da súa actividade deportiva cada vez que pola Concellaría de Deportes sexa requirido.

5.15.- Comunicar á Concellaría de Deportes a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade.

SEXTA.- DOCUMENTACIÓN, FORMALIZACIÓN E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

6.1.- As solicitudes formalizaranse en impreso oficial, estando a disposición dos interesados en secretaría do Concello de Tui, Rúa Praza do Concello, nº1, 36.700, Tui. A presentación poderá realizarse tamén a través do portal electrónico do Concello de Tui.

6.2.- O prazo de presentación das solicitudes determinarase no extracto desta convocatoria que publicárase no BOP, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, poderá requirirse ao solicitante para que, no prazo improrrogable de 10 días hábiles, achegue a documentación omitida ou modifique a presentada. Transcorrido o devandito prazo e sen cumprir o interesado terase por desistida a solicitude presentada.

6.3.- As solicitudes achegarán os seguintes documentos de cada un dos deportistas propostos/as. No caso de que o deportista sexa menor de idade, a responsabilidade ao presentar a documentación será do pai, nai ou titor deste.

a/ Fotocopia compulsada por ambas as dúas caras do Documento Nacional de Identidade.

b/ Fotocopia compulsada da Licenza Federativa do ano 2018.

c/ Memoria da actividade deportiva realizada durante o ano 2018 onde quede salientado a participación en torneos ou competicións, dos indicados no punto 4 dos requisitos xerais.

d/ Certificado da correspondente Federación Autonómica ou Nacional onde se fagan constar as clasificacións e/ou marcas conseguidas polo deportista durante a tempada.

e/ Declaración xurada das bolsas, axudas e/ou remuneracións económicas que obtivese ou solicitase no período desta convocatoria.

f/ Dossier fotográfico onde se constate o cumprimento da obrigaçión: "Levar a imaxe de Tui, ou calquera outra imaxe institucional do Concello de Tui que o concello determine, tanto na súa indumentaria coma nalgún outro elemento susceptible de imaxe, así como dar publicidade da recepción desta beca, a través dos canles de comunicación do propio deportista".

g/ Orzamento de gastos e ingresos estimados da tempada.

h/ Certificados de estar ao corrente das obrigaçións tributarias (AEAT e ATRIGA) e da Seguridade Social, ou declaración xurada de estar ao corrente desas obrigaçións, coa correspondente autorización ao Concello de Tui para a súa comprobación.

6.4.- O incumprimento dalgún dos requisitos xerais establecidos nas presentes bases, determinará a exclusión do solicitante para ser beneficiario/a, con preclusión do seu dereito de



CONCELLO DE TUI



ser incluído como posible adxudicatario/a da bolsa, así como se lle terá desistido da súa solicitude sen máis trámite.

6.5.- Toda a documentación presentada se entenderá confidencial e de uso reservado do Concello de Tui.

SÉTIMA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN, ÓRGANO DE INSTRUCCIÓN, COMISIÓN DE AVALIACIÓN E RESOLUCIÓN

7.1. A concesión das becas realizarase polo sistema de concorrencia competitiva.

7.2. O órgano encargado da instrución do procedemento será o animador deportivo do Concello de Tui que acordará todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación de datos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución.

7.3. Todas as notificacións derivadas das actuacións de instrución se realizarán a través da localización web (tui.gal) e do taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

7.4. Mediante proposta da alcaldía-presidencia, publicarase na localización web e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello a relación provisional das solicitudes presentadas, admitidas e excluídas, con expresión da causa de exclusión e necesidade de subsanación no prazo de dez días hábiles dende o seguinte á publicación. En caso de non emendar a causa de exclusión terase por desistida a solicitude.

7.5. Unha vez transcorridos os prazos de emenda publicarase nos mesmos medios a relación definitiva de admitidos e de excluídos.

7.6. O órgano instrutor, como órgano instrutor, elaborará un informe previo sobre as solicitudes admitidas que se lle trasladarán á Comisión de Avaliación.

7.7. A Comisión de Avaliación estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o Alcalde do Concello ou persoa en que delegue.

Secretaria: a secretaria xeneral do Concello ou persoa en quen delegue.

Vocais: O Concelleiro de deportes ou persoa en quen delegue.
Un funcionario pertencente ó departamento de Intervención.
O tesoureiro municipal ou persoa en quen delegue.

7.8. Á vista do informe do instrutor do expediente, da proposta de resolución formulada pola Comisión de Avaliación, o Alcalde-Presidente dictará resolución comprensiva dos seguintes extremos:

- Relación de solicitantes aos que se lle concede subvención.

- Contía concedida. (Se a cantidade presupostada fose inferior ao número de solicitudes presentadas merecedoras de obtención de becas, o concelleiro delegado de deportes poderá proceder ao prorrateo entre os beneficiarios da subvención a vista do informe do instrutor e proposta da comisión de avaliación)



CONCELLO DE TUI



- Mención expresa de que as restantes solicitudes se entenderán desestimadas.
- Recursos que se poderán interpoñer contra esta e prazo de presentación destes.
- Calquera outra condición particular que deba cumprir o beneficiario.

7.9. A publicación na localización web e no taboleiro de anuncios do Concello substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos segundo a Lei 30/1992.

7.10. O prazo máximo de resolución serán contados de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de solicitudes. Se transcorrido o devandito prazo non tivese recaído resolución expresa, as solicitudes presentadas poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo, sen prexuízo da obriga de resolver.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN:

8.1. PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN

O prazo de presentación da xustificación será de 10 días hábiles dende a data de publicación da resolución de concesión da bolsa no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

8.2 FORMA DA XUSTIFICACIÓN

Os beneficiarios acreditarán o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención coa presentación da seguinte documentación no Rexistro Xeral do concello:

- Modelo: xustificación da subvención
- Modelo: memoria de actividades
- Certificado bancario orixinal do número de conta

Para a xustificación da realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención haberá que presentar:

- Calendario oficial das competicións nas que se participou.
- Xustificante de inscrición nas probas nas que se participou xunto cos resultados obtidos en ditas probas, así coma a clasificación final mediante certificado expedido pola federación correspondente. No caso de que esta información se poida obter a través da páxina web da federación correspondente, poderá acreditarse a través deste medio. Deberá constar as datas e o lugar de realización.
- A documentación acreditativa da difusión da condición de beneficiario do Concello de Tui nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeo...).
- Modelo memoria económica indicando os gastos realizados e os ingresos obtidos, xunto cos documentos xustificativos dos gastos realizados (empregando para elo o modelo conta xustificativa)



CONCELLO DE TUI



Os xustificantes presentados deberán ser por unha contía global igual ou superior ao conxunto de todos os gastos previsto. A xustificación do importe concedido entenderase realizada de forma global, sempre que se realice o proxecto presentado para as que se solicita subvención, de non ser así, reducirase a subvención no importe concedido para esa actividade non realizada.

Os gastos acreditaranse:

a. Con carácter xeral, mediante facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos legalmente que se correspondan a prestacións realizadas durante ó período subvencionable do exercicio 2018. Presentaranse os documentos orixinais. En cumprimento co establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello dilixenciará cada factura facendo constar que a mesma foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención por parte do Concello de Tui. No caso de presentar fotocopias, deberá estenderse a dilixencia antes de facer a copia.

Elementos que deben incluírse nunha factura (segundo o establecido no RD 1619/2012, de 30 de novembro):

- Nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF
- Identificación da entidade, co CIF
- Data de emisión
- Importe total. Se figuran varios artigos é necesario que se desagreguen e se describan os conceptos desagregados
- Debe aparecer o IVE de forma diferenciada, base impositiva, tipo de IVE aplicable e importe total máis o IVE correspondente

As facturas que non conteñan os elementos anteriores, non serán admitidas como xustificante de gasto.

b. Para os gastos de viaxe e dietas, mediante os modelos formalizados, xunto coa factura correspondente así como o xustificante da actividade.

Axuntarase ademais:

- Adeudo bancario ou acreditación inequívoca do pagamento das facturas segundo o establecido nas Bases Xerais Tipo do Concello de Tui (Conter o selo de "Pagado" co asinado e NIF do perceptor).

En ningún caso admitiranse como xustificantes os das actividades relacionadas no apartado 3.2 das presentes bases.

NOVENO.- CONTROL FISCAL E PAGAMENTO DA BECA

A xustificación presentada polos beneficiarios será remitida para a súa fiscalización á Intervención Xeral do Concello de Tui, que poderá comprobar a utilización dos fondos públicos recibidos nas actividades para as que foi concedida a subvención.

A non presentación da xustificación dentro do prazo levará automaticamente a perda da subvención e, en consecuencia, ó impago da mesma.



CONCELLO DE TUI



O Concello de Tui resérvase o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a documentación xustificativa presentada é correcta, quedando obrigado o beneficiario a facilitar tanta información lle sexa requerida polo Servizo Xestor e Intervención Xeral.

DÉCIMO.- RÉXIME SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral Presupostaria (Lei 47/2003 de 26 de novembro), e no art. 40 Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes: Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei Ordinaria do Consello de Contas de Galicia.

UNDÉCIMO.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA BECA CONCEDIDA

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, así como o importe da subvención efectivamente percibida, resolucións de reintegros e sancións impostas, será remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

DUODÉCIMA.- DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

1º.- A presentación de solicitude de beca leva implícita a autorización ao Concello de Tui para que publique na súa páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui, a relación de beneficiarios/as e o importe das becas concedidas, coas excepcións previstas nas leis.

2º.- **PROTECCIÓN DE DATOS.** Segun o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos persoais e a lexislación vixente ao respecto, pasamos a identificar ao organizador da convocatoria:

a) Identidade do Responsable do tratamento dos datos:

Exmo. Concello de Tui
Praza do Concello, 1
36700 Tui (Pontevedra)

Delegado de Protección de Datos: Email: dpo@tui.gal

b) Finalidade

O Concello de Tui ten como finalidade da recollida dos seus datos, a xestión necesaria para a asignación da beca descrita.

c) Lexitimación

Polo consentimento do interesado o de seu representante legal.



CONCELLO DE TUI



d) Comunicación dos datos

Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo obrigaón legal ás Administracións Públicas que se requiran para a xestión do outorgamento das becas, ou a publicación dos seus datos mínimos identificativos na Web do Concello, por obrigaón legal segan a Lei de Transparencia.

e) Dereitos que lle asisten

- Dereito a retirar o consentimento en calquera momento.
- Dereito de acceso, rectificación e supresión dos seus datos e á limitación ou oposición o seu tratamento.
- Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control (agpd.es) si considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

3º.- No que non ven previsto na presente Convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Regulamento da Actividade de Fomento do Concello de Tui, Bases Xerais Tipo Reguladoras da Concesión de Subvencións do Concello de Tui e Bases de Execución do Orzamento do Concello para 2018.



**PROPUESTA BAREMACIÓN ECONÓMICA EN BECAS DEPORTIVAS
ANO 2018**

GRUPO / ACT BECADA	RESULTADOS DEPORTIVOS				
GRUPO A 1.500€ + 300€ por 2ª medalla	Podio Campeonatos do Mundo Absolutos				
GRUPO B 1.300€ + 300€ por 2ª medalla	Posto 4º ao 9º Campeonatos do Mundo Absolutos	Podio Campeonatos de Europa Absoluto	Podio Copas do Mundo Absoluto		
GRUPO C 1.000€	Participación no Campeonato do Mundo Absoluto	4º ao 9º Campeonato de Europa Absoluto	Podio Campeonatos do Mundo categorías non absolutas	Podio Copas de Europa Absoluto	4º ao 9º Copa do Mundo Absoluto
GRUPO D 800€		Participación no Campeonato de Europa Absoluto	4º ao 9º Campeonatos do Mundo categorías non absolutas	Podio Campeonatos de Europa, categorías non absolutas	4º ao 9º Copa de Europa Absoluto
GRUPO E 500€			Participación Campeonato do Mundo categorías non absolutas	4º ao 9º Campeonatos de Europa, categorías non absolutas	
GRUPO F 300€				Participación Campeonatos de Europa, categorías non absolutas	Podio en Campeonatos o Copas Internacionais, categoría máster

- (1) Non absoluto se consideran as categorías de idades: Sub23/Promesa/Xuvenil/Júnior nas súas respectivas federacións.
- (2) As competicións han de ser obrigatoriamente de ámbito federativo.
- (3) Se considera "podio" aos 1º, 2º e 3º clasificados nos Campeonatos de carácter oficial.
- (4) Participación nos distintos campeonatos implican quedar a partir do 10º posto na clasificación xeral final.
- (5) En ningún caso as Bolsas son acumulativas, valorándose os méritos de maior rango no cadro de baremación.
- (6) Tampouco serán acumulativas as bolsas por logros conseguidos dentro do mesmo grupo do cadro de baremación, na mesma especialidade deportiva.
- (7) Nos grupos A e B, obter unha segunda medalla no mesmo campionato, noutra categoría, modalidade ou distancia, sumará a cantidade estipulada no cadro.